

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 16 DE SETEMBRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES

1160/05.- Uneda 2.000, S.L.- Modificación de licenza de construción de edificio na parcela núm.9 do SUNP-17 do Paxonal.-

1111/08.- Alsomate, S.L.- Legalización de modificación na rehabilitación de edificación sita en Torre Branca, Aríns.-

Lap/374/05.- A Casa dos Albarredos, S.L.- Obras de rehabilitación e apertura duns edificios en Rúa de Muros, 11-B, para adicalos a hotel, restaurante e café-bar.-

APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS DE URBANIZACIÓN

542/06.- Construlart Unión, S.L.- Edificio de dúas vivendas no Avío núm.1.-

ACEPTACIÓN DE CESIÓN.-

1540/08.- M^a Filloy Brea en repr. De D. José Lafuente Vidal.- Viv. unif. en Rocha Vella.-

DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

1729/08.- Santiago, Juan e M^a José Villar Villar.- 1.308.678 ptas e 2.618.000 ptas en concepto de aval polo 15% do aproveitamento urbanístico, ó terse aboado en metálico ditas cantidades (+).-

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas de comedor escolar por importe de 5.697.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse inicialmente axudas para dous locais comerciais, ambos na Praza de Abastos, por importe de 4.471 euros e 6.010 euros.

6.- Aprobación de actas de cesión de terreos comprendidos no proxecto "rexeneración do cauce e recuperación ambiental das ribeiras do río Sarela".

Apróbanse as actas.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa a aprobación do gasto para o desenvolvemento de actividades dentro do Programa de Diminución do Dano.

Apróbanse as actividades para realizar dentro do Programa de Diminución do Dano, levado a cabo pola UMAD, por importe de 4.625 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de xefa de servizo da Área de Acción Social.

Noméase a María Teresa Furelos Toral como xefa do servizo da Área de Acción Social do Concello.

9.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de funcionario/a interino/a para a sección de Prevención de Riscos e confección de lista de espera.

Noméase a un funcionario interino para a sección de Prevención de Riscos do Departamento de Persoal.

10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á concesión de axudas sociais ao persoal municipal.

Apróbanse axudas por importe de 183.940 euros.

11.- Adxudicación provisional das obras incluídas no proxecto complementario ao de execución das unidades de Actuación A e B de Penamaria (San Lázaro).

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 79.395 euros.

12.- Adxudicación provisional das obras de limpeza e desbroce de cunetas das pistas do Concello.

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 208.673 euros.

13.- Adxudicación provisional das obras de reposición de pavimento en diversas beirarrúas da cidade.

Adxudícanse provisionalmente as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 208.359 euros.

14.- Adxudicación definitiva do contrato para a execución das obras incluídas no proxecto de rexeneración do MONTE DE DIOS.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 131.522 euros.

15.- Adxudicación Provisional do Subministro e instalación de elementos de xogo infantís no CEIP PIO XII.

Adxudícase provisionalmente o subministro de referencia á empresa HAGS SWELEK, SA, por importe de 34.783 euros.

16.- Adxudicación Provisional do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de BRANDÍA.

Adxudícase provisionalmente o servizo de referencia á empresa ASPAS EMPREGO, SL, por importe total anual de 64.032 euros.

17.- Aluguer de local na rúa do Horreo nº 100 para a realización das actividades do PROXECTO CREAR.

Acórdase o aluguer do local de oficinas sito na rúa do Hórreo, nº 100, por un período de 6 meses, dendo o 1 de outubro ata o 31 de marzo de 2009, por un importe total de 14.616 euros.

18.- Adxudicación Provisional do Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.

Adxudícanse provisionalmente os traballos de referencia á empresa ARUMIA, SL, por importe de 25.628 euros.

19.- Adxudicación provisional do Servizo veterinario de urxencia e de atención e recollida de animais abandonados no termo municipal.

Adxudícanse provisionalmente os traballos de referencia a José Luis Riveiro Rodríguez, por importe de 42.586 e un prazo de duración dun ano.

20.- Adxudicación do Servizo de Conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca desde o 19 de setembro ata o 18 de novembro de 2008.

Adxudícase o servizo de referencia á empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO, SL, por importe de 18.000 euros.

21.- Contratación dos servizos da empresa Audiovisual de Servicios Kairos, S.L. para a rodaxe da cortametraxe "A princesa alegría".

Adxudícase o servizo de referencia á empresa Audiovisual de Servicios Kairos, SL, por importe de 19.998 euros.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á contratación dunha asistencia técnica para a realización de funcións de control, avaliación e toma de datos vinculados a programas deportivos.

Autorízase a contratación, a través da empresa XADE, SL, do servizo de control, avaliación e toma de datos co obxectivo de mellorar a calidade das Escolas Deportivas e para a preparación dun programa de actividade física adaptada. Custo: 8.999 euros. Período: do 22 de setembro ao 31 de decembro de 2008.

23.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a aprobación do orzamento para a instalación dun sistema de alarma antirrobo na Galescola de San Roque e a súa conexión á unha central receptora.

Apróbase un orzamento de 5.185,77 euros para a instalación dun sistema de alarma antirrobo na Galescola de San Roque e a súa conexión a unha central receptora.

24.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller para dar conta da aprobación das xornadas municipais sobre prevención de drogodependencias.

Dáse conta da aprobación das Xornadas municipais sobre Prevención de Drogodependencias, organizadas pola UMAD, dentro do convenio de colaboración suscrito entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e a Federación Española de Municipios e Provincias. Datas: 10 e 11 de outubro de 2008.

25.- Subsanación de erro aritmético na aprobación do proxecto de equipamento da Casa das Asociacións de Benestar Social.

Corríxese o devandito erro.

26.- Proposta da concelleira delegada de Política Lingüística relativa á aprobación da convocatoria e bases para a selección de tres estudantes da USC para a realización de prácticas nos programas de Normalización Lingüística.

Apróbase a convocatoria e as bases e un orzamento de 8.100 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á adxudicación da realización do proxecto KAREN.

Adxudícase á USC, e como responsable do desenvolvemento do traballo a Elisardo Becoña Iglesias, catedrático do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía da Facultade de Psicoloxía da USC, a realización do proxecto Karen (sobre a vida recreativa en Santiago de Compostela: análise do estado da situación e propostas para previr os factores e as condutas de risco asociadas á mesma), por un orzamento de 10.000 euros, con cargo ao convenio asinado entre Caixa Galicia e o Concello.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á realización de diversos servizos docentes para a impartición dos módulos de prevención de riscos laborais nos cursos do Plan FIP.

Apróbase a realización de catro servizos docentes para os cursos de Cantería, Fontanería, Ferrallista e Canteira, por importe total de 7.920 euros.

29.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao cumprimento das condicións sinaladas no acordo de aprobación definitiva do 30 de decembro de 2005 relativo ao proxecto de equidistribución da unidade de actuación número 7 (UA-7) do PERI-7 de Ponte Pedriña.

Danse por cumprimentadas as condicións sinaladas no acordo da Xunta de Goberno de 30 de decembro de 2005 sobre a aprobación definitiva do proxecto de equidistribución da UA-7 do PERI-7 de Pontepedriña, segundo a escritura pública de ratificación outorgada o 7 de xullo de 2008

31.- Proposta da concelleira delegada de Infraestructuras en funcións relativa á designación de arquitecto supervisor para a execución das obras do paso inferior para catro carrís. Tramo: Cornes-Hórreo. Santiago de Compostela. A Coruña. Clave: 46-LC-5730.

Noméase a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión das devanditas obras.